

## CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE MOBILIDADE PARA PERSOAL para os CURSOS 2023-2024 E 2024-2025 DENTRO DO PROXECTO 2023-1-ES01-KA131- HED-000113900

### 1. - DATAS LÍMITE DE SOLICITUDES:

- Para as mobilidades a realizar no curso 2023-24: 30 de Marzo
- Para as mobilidades a realizar no curso 2024-2025: 30 de Maio

As solicitudes e a documentación enviaranse ao enderezo  
[erasmus@escoladeartelugo.com](mailto:erasmus@escoladeartelugo.com)

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo fai pública a presente convocatoria de solicitudes de axuda para a mobilidade de persoal desta Escola dentro do seu proxecto propio 2023-1-ES01-KA131-HED-000113900.

### 2. - REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

Poderán participar neste programa os docentes que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus+.
- Estar destinado na EASD-RF Lugo, no momento da solicitude e no momento da realización da mobilidade, e impartir docencia nos Ciclos Formativos de Artes Plásticas e Deseño ou en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.
- Xustificar que ten o nivel necesario da lingua utilizada na Institución de destino (maiormente a lingua utilizado é a inglesa).

### 3. - SELECCIÓN DE PARTICIPANTES:

O Tribunal de selección de participantes para as mobilidades estará formado por un membro do Equipo Directivo, a Coordinadora de Programas Internacionais e un profesor da EASDRF.

O resultado da selección será comunicado persoalmente por correo electrónico a cada un dos participantes e publicado, o mesmo que a presente convocatoria, na páxina web da Escola.

### **Criterios de selección:**

#### **a)Antigüidade no corpo:**

- Funcionario de carreira corpo AAPPD con máis de 10 anos de servizo:_____	5 puntos
- Funcionario de carreira AAPPD con menos de 10 anos de servizo:_____	4 puntos
- Profesorado interino AAPPD con destino no centro:_____	3 puntos
- Profesorado substituto AAPPD con destino no centro:_____	2 puntos
- Profesorado pertencente a outros corpos:_____	1 punto

#### **b)Certificación de coñecemento de linguas estranxeiras:**

I. Lingua principal alegada:	
- Nivel B1:_____	1 punto.
- Nivel B2:_____	2 puntos.
- Nivel C1 o superior:_____	3 puntos.
II. Outras certificacións de coñecemento de linguas	
- Por cada outra certificación oficial alegada (a partir do nivel B1):_____	1 punto

#### **c) Relevancia da mobilidade para a EASD Ramón Falcón:**

<b>I. MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA DOCENCIA:</b>	
- Correspondencia entre estudos da EASD Ramón Falcón-institución destino:_____	3 puntos
- Correspondencia entre especialidade profesorado solicitante-institución destino:	3 pts
- Solicitudes persoais:_____	1 punto
<b>II. MOBILIDADES DE PROFESORADO PARA FORMACIÓN/FIRMA DE CONVENIOS:</b>	
- Correspondencia entre os estudos da EASD Ramón Falcón-institución/empresa:_____	3 puntos
- Correspondencia entre especialidade profesorado solicitante-institución/empresa:	3 pts
- Solicitud persoais:_____	1 punto

#### 4. - DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:

- a) Solicitude segundo ANEXO I
- b) Datos da institución de destino (endereço web, plans de estudos, etc.) e contacto de referencia (endereço electrónico e teléfono preferiblemente).
- c) Memoria onde se expoña a idoneidade da mobilidade para a EASD Ramón Falcón.

A Coordinadora de Programas Internacionais da EASDRF-LUGO.

María Vázquez López

[erasmus@escoladeartelugo.com](mailto:erasmus@escoladeartelugo.com)